

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

INICIATIVA DE CREACIÓN EN REDE DE IGOR LUGRÍS

"As antigas aves alejandrinas..."

'Escreve o abecedário!' anima aos internautas a construír relatos con verbas que comecen pola mesma letra

Redacción - 14:30 08/02/2008

Primeiro foi aquel [cadáver esquisito](#) lanzado en febreiro de 2007 e que a partir dun primeiro verso, *Ha umha certa luz incomprensível na distância*, circulou pola rede e foi crecendo e engordando. Agora Igor LUGRÍS lanza unha nova iniciativa de creación en rede chamada [Escreve o abecedário!](#) na que anima a redactar textos empregando apenas palabras que comecen pola mesma letra, polo A, polo B, polo C...

No seu blog publica dous exemplos, realizados coas dúas primeiras letras do alfabeto. [A do A](#) dá lugar a frases como *As antigas aves alejandrinas ajudava-no a alterar as alfandegas árticas*. E [a do B](#), necesariamente máis complicada, comeza por *Baloreciam buliciosas borbulhas baleiras*.

LUGRÍS tamén propón que se vaian empregando verbas cuxas iniciais vaian en progresión, coma no exemplo que enceta deste xeito: *Ainda baixavam carros da estrada ferrolá*. Trátase en definitiva de xogar coas letras e coa lingua, e coa riqueza do noso idioma. A participación será por medio de correos electrónicos enviados ao propio LUGRÍS, que se encargará de colgar os textos no seu blog, e a única condición que deben cumprir as creacións é estar escritas en galego-portugués, en calquera das súas normativas.